2º	Afianzar os coñecementos dados. Rematar as tarefas de aula para ir todos ao mesmo ritmo. Favorecer a autonomía e a responsabilidade. Fomentar a participación activa dos pais cos seus fillos.
3º	Afianzar os coñecementos dados. Achegar os nenos á realidade cotiá. Rematar as tarefas de aula para ir todos ao mesmo ritmo. Favorecer a autonomía e a responsabilidade.

2º CICLO PRIMARIA

CRITERIOS ESTABLECIDOS PARA O ENVÍO DE TAREFAS AO ALUMNADO	
4º	Afianzar os coñecementos dados. Achegar os nenos a realidade cotiá. Rematar as tarefas de aula para ir todos ao mesmo ritmo. Favorecer a autonomía e a responsabilidade.
5º	Afianzar os coñecementos dados na clase. Potenciar a autonomía. Fomentar a responsabilidade. Mellorar o rendemento escolar. Aplicar á vida cotiá os coñecementos adquiridos.
6º	Afianzar os coñecementos dados na clase. Potenciar a autonomía. Fomentar a responsabilidade. Mellorar o rendemento escolar. Utilizalo como instrumento de avaliación.

CRITERIOS ESTABLECIDOS PARA O ENVÍO DE TAREFAS AO ALUMNADO

Afianzar os coñecementos dados na clase.
Potenciar a autonomía.
Fomentar a responsabilidade.
Mellorar o rendemento escolar.
Utilizar as tarefas como instrumento de avaliación.
Organizar o envío de tarefas en función do horario dos alumnos, da carga de tarefas e dos exames programados.

15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

No concello de Marín o galego, xunto co castelán, é a lingua da poboación marinense. Nas súas parroquias, sobre todo, no uso oral, escoitase falar galego. Pero na vila, e quizais pola proximidade coa urbe de Pontevedra, o seu uso vai decrecendo xeración tras xeración de xeito alarmante.

Os pais, avós e familiares do noso alumnado non falan galego con eles. O seu uso non se transmitiu de xeito xeracional polo tanto, a enquisa sobre a lingua predominante entre o alumnado de infantil, é claramente: o castelán. A maioría entende o galego pero non o fala. Este é o panorama no que conviven a maioría dos nosos alumnos e alumnas e o que percibimos os docentes do centro.

15.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

- Educación Infantil:
María José Núñez Pena
- Educación Primaria:
M^a Carmen López Otero
Mara Pérez Hermo
Yolanda Díez
Marta Rosales
- Educación Secundaria:
Begoña Diz Magariños
Karina Fernández
Monse García
Ana Isabel González Entenza (coordinadora)

15.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

O noso Proxecto de Dinamización Lingüística sempre quere presentar a harmonía lingüística que intentamos transmitir ao alumnado da Inmaculada. Somos un centro plurilingüe que traraballa en prol do uso do galego no ámbito cotiá da vida escolar xunto co castelán e o inglés. Intentamos transmitir, cada curso, que o galego é unha riqueza cultural, esencia do ser galego e inherente a nós.

Polo tanto, a escola é o contexto máis galeguizado co que entra en contacto o noso alumnado. Temos unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo, cara á súa normalización en todos os eidos. Esta boa actitude concrétase no seu uso como unha das linguas habituais na documentación do centro, nas celebracións e actividades, nos murais ambientais dos corredores, nos blogs da comunidade educativa...

Destacamos o labor do Equipo de Pastoral, pois todas as actividades que se realizaron no BLOG de pastoral, cartelería, ambientación dos diferentes actos litúrxicos, celebracións... foron en galego: (**inmaculadamarin-pastoral.blogspot.com**)

O blog do Equipo de Normalización Lingüística foi unha mostra do traballo dos nosos alumnos e alumnas. A proposta do profesorado consistiu en propoñer temas atractivos relacionados co uso das TIC que ofertaron unha boa oportunidade para desenvolver a competencia oral en galego fóra das aulas. Buscamos que se impliquen na elaboración de reportaxes, vídeos e, que contribúan coas súas achegas, á promoción e uso do galego en diferentes ámbitos. (**inmaculadamarin-endl.blogspot.com**)

O profesorado do colexio La Inmaculada é receptivo e colaborador con respecto ao proceso normalizador e coas iniciativas normalizadoras pero deberían implicarse máis a nivel persoal. Animamos ao profesorado para que dea novos pasos neste sentido. Sen embargo, percibimos que o seu uso vai decrecendo, notablemente, na comunidade educativa dende hai uns anos. Consideramos que a consecución dos obxectivos propostos para potenciar o nivel do uso do galego, foi positiva pero debemos seguir traballando, sobre todo no ámbito da oralidade. Pensamos que os mesmos obxectivos, pola súa formulación, seguen a ser válidos de cara este curso, mais será preciso procurar e realizar, tamén outros, que xunta con estes fomenten a lingua do noso país.

15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As actividades previstas son:

- **CADA DÍA UN MOTIVO PARA FALAR GALEGO.** Actualización e mantemento do blog do **ENDL**. Dende o blog quérese mostrar, o traballo do profesorado e do alumnado en prol da nosa cultura, lingua e literatura. (**www.inmaculadamarin-endl.blogspot.com**)
- **Falamos galego!**
O galego deberá estar presente na vida cotiá do colexio, nos seus diferentes contextos. O profesorado debería empregar o galego fóra das áreas exclusivas da lingua (titorías, saídas culturais,: nas clases, na rede...)

Procuraremos que sexa a linguaxe administrativa do centro (plataforma educativa, circulares, notas informativas...)

- **PARTICIPACIÓN en actividades** que poñan ao alumnado en contacto coas raíces culturais e etnográficas de Galicia.
- En outubro investigaremos a estreita relación da vida e da morte: .Celebración do Samaín.
- Coa chegada do outono celebraremos: **O MAGOSTO**. As castañas asadas e os xogos populares serán o eixe desta celebración.
- En febreiro: **o Entroido**.
- Maio: **Os Maíos**.
- **TEATRO**. O alumnado do noso colexio asistirá, se a situación COVID o permite, a diferentes actividades teatrais organizadas por entidades culturais.
- No mes de febreiro e marzo os alumnos de primaria visitarán (se a situación COVID o permite, as actividades que se realizarán na **Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil** (Pontevedra).
- Celebración no mes de maio da **FESTA DA POESÍA** con distintos obradoiros e actos lúdicos conmemorativos do Día das Letras Galegas. Os nosos nenos e nenas dende Primaria á ESO participarán no certame poético do centro, o cal se vén organizando dende hai moitísimos anos. Converteranse en pequenos–grandes poetas en lingua galega. HOMENAXE ao protagonista das Letras Galegas 2022: o poeta Florencio Delgado.
- Participación en **CONCURSOS LITERARIOS** que fomenten o uso da lingua galega e o coñecemento da nosa literatura: Coca-Cola, Concello de Marín, Manos Unidas, premio Santa Cecilia...
- Organización dalgunha sesión de **CONTACONTOS** (no centro ou virtual) ou **ENCONTRO** con algún autor ou autora. Esta actividade realízase coa colaboración do Proxecto Lector do centro.
- **PLAN LECTOR**. Todos os días, durante 15 min, entregáremosnos ao pracer da lectura. Leremos unha obra por trimestre das cales unha dela será en lingua galega.
- **LEAMOS EN GALEGO**. Unha obra por trimestre en lingua galega será obrigatoria (PLC).
- DEPARTAMENTO DE PASTORAL. **ORAMOS en galego**. O equipo de Pastoral realiza un gran labor neste eido, as oracións e reflexións, as celebracións, titorías e cartelería son expostas en galego, procurando a normalización da mesma.

(www.inmaculadamarin-pastoral.blogspot.com)

www.inmaculadamarin-oracions.blogspot.com

- **OUTROS BLOGS:** www.inmaculadamarin-lgalega4.blogspot.com,
www.inmaculadamarin-lingua3.blogspot.com

Outras actividades:

- Mantemento da **Biblioteca de Aula** nos ciclos de Infantil, Primaria e Secundaria. Esta actividade realizarase seguindo o Proxecto Lector do centro.

- Nas nosas aulas: **RECOLLEITA** de xogos, contos, dicires, cancións...da nosa tradición oral.
- **COORDINACIÓN** dos ENDL dos centros escolares do Morrazo para a organización de diferentes actividades.
- Celebraremos o 24 de febreiro o Día de Rosalía.
- Participación nas diferentes propostas organizadas polo concello de Marín.

15.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓ DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

No curso 2020-21 impartirase por primeira vez a materia de Ed. Física de 3º de Primaria totalmente en inglés e cambiará 6º de Primaria a materia de Ed. Artística de bilingüe a plurilingüe. Na primeira semana de setembro foi informada a Inspección educativa, a cal deu o permiso para implantar estes cambios.

16. CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Tal e como recolle o Decreto 120/1998 está constituído por:

- A orientadora.- Xefa do departamento → M^a Teresa Couso Iglesias.
- Pedagogía Terapéutica (EP) → Vanesa Meijueiro Fernández.
- Audición e linguaxe (EP) → Susana Fernández Gutiérrez.
- Pedagogía Terapéutica (EI) → Virginia Abalo Bóveda.
- Unha profesora do ámbito lingüístico e social, de secundaria → Elena F. Sobral Viqueira
- Unha profesora do ámbito científico - tecnolóxico, de secundaria → Lucía Guede Freire.
- Unha representante do ámbito lingüístico – social e científico - tecnolóxico, de primaria → Almudena Gutiérrez
- Unha profesora da etapa de educación infantil → Virginia Abalo Bóveda.

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Na memoria anual do Departamento de Orientación do curso 2020/21 recóllense os seguintes datos e conclusións:

	Ed. Infantil	Ed. Primaria	ESO
Alumnado con intervención en PT	15	30	-
Alumnado con intervención en AL	8	22	-
Alumnado con necesidades	17	66	41

específicas de apoio educativo significativas.			
Alumnado con exención de francés	-	-	12
Alumnado exento de avaliación en lingua galega		1	1
Actuación por parte do EOE		1	-

Durante o curso (2020/21) mantívose o número de horas que o profesorado non especialista en PT/AL puido adicar a tarefas de reforzo e contratouse coa axuda a centros concertados para atender a aneae unha logopeda e unha coidadora. Deste xeito a atención á diversidade do alumnado vense consolidando nos últimos anos coma un dos piares do estilo educativo do centro.

Do desenvolvemento xeral do curso podemos destacar, ademais do anterior:

- O incremento do alumnado atendido con profesorado de apoio.
- A organización e desenvolvemento da atención ao alumnado de Ed. Primaria, que por diversas razóns presentou neeae, así coma o tempo adicado á planificación, coordinación, reunións,...
- O reforzo realizado por parte dos titores e profesorado tanto na Ed. Primaria coma na ESO (especialmente en 1º e 2º ESO).
- A efectividade das medidas tomadas na ESO: exención de Lingua Francesa, adaptacións curriculares, reforzos e apoios desenvolvidos polos profesores/as das diferentes materias o apoio en lingua castelá, matemáticas, galego e inglés.
- Aplicación de protocolos establecidos na nosa Comunidade para ANEAE: TDAH, TEA, Absentismo escolar, Alta capacidade.
- A realización de diversas formacións por parte do profesorado.

Durante o curso actual (2021/22) o centro escolariza un total de 539 alumnos e alumnas:

Educación Infantil→110

Educación Primaria→271

Educación Secundaria Obrigatoria, ESO→158

Deste alumnado podemos destacar, pola súa demanda de recursos do Departamento de Orientación, aos seguintes casos: nove alumnos con certificado de minusvalía física e/ou psíquica e/ou sensorial, oito alumnos con retraso madurativo, vinte e un con diagnóstico de trastorno de hiperactividade con déficit de atención, sete con trastorno por déficit de atención, un rapaz con trastorno de ansiedade ,oito rapaces con retraso na linguaxe,e trece con trastorno xeneralizado do desenvolvemento (autismo, asperger) e cinco con rasgos deste trastorno. Hai vinteseis con dificultades de aprendizaxe que se enmarcan dentro dos trastornos da lecto-escritura, da fala, trastorno por déficit de atención sen diagnosticar, e os que pasan por algún tipo de dificultade asociada a cambios na situación familiar (duelo, separación, cambio de domicilio,...) e os procedentes do estranxeiro con descoñecemento do idioma, catro en primaria e duas en secundaria.

16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas ACTUACIÓNS, ESTRATEXIAS ou PROGRAMAS destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Á hora de establecer ditas medidas teremos en conta:

- As accións preventivas e a detección temprana terán un carácter prioritario. Nelas implicarase e participará toda a comunidade educativa.
- Na resposta educativa á diversidade se priorizarán as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- Teranse en conta os protocolos establecidos na nosa Comunidade para ANEAE.

Medidas Preventivas

a- Avaliación inicial

Finalidade:

- Adecuar a programación ás características do alumnado.
- Prever actividades para adquirir ou afianzar coñecementos necesarios para seguir avanzando.
- Que o alumnado sexa consciente do seu punto de partida.
- Detectar ao Alumnado con Necesidades Educativas Específicas de apoio educativo (A.N.E.A.E.) para o que será necesario planificar mecanismos de compensación.
- Coñecer a motivación para o estudo do noso alumnado.

Información que debemos recoller na avaliación inicial:

- Saber cal é o grao de adquisición de coñecementos previos e hábitos de traballo sobre os que se construírá un novo coñecemento.
- En El grao de adquisición da linguaxe ao iniciar a etapa.
- Saber o tipo de razonamento e de métodos de traballo que esixirá a realización das actividades propostas.
- Avaliar o tipo de dificultades coas que se atopan os alumnos, estratexias que empregan e hábitos que teñen adquiridos.
- Valorar actitudes en relación á aprendizaxe.
- Saber se os contidos que se están traballando lles resultan interesantes, útiles,...
- Coñecer o grao de confianza na súa propia capacidade de aprender.
- Coñecer a disposición para o traballo cooperativo.

b.- Avaliación psicopedagóxica.

De maneira xeral avalíaranse as aptitudes escolares do alumnado nas etapas de Ed Infantil, Primaria e ESO co gallo de detectar posibles necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe e determinar así as medidas de atención á diversidade a desenvolver.

Asemade avalíarase a todo aquel alumno/a que por diferentes motivos o solicite o titor ou titora.

Unha vez recollida toda a información dos distintos aspectos descritos anteriormente, se procederá a elaborar o conseguínte informe escrito pola Orientadora o cal deberá recoller: por unha parte as necesidades educativas do alumno/a, por outra especificar as conseguíntes orientacións didáctico-pedagóxicas que sexan básicamente de tipo curricular e que axuden ao profesor a elaborar os correspondentes reforzos ou esgotadas as medidas ordinarias a Adaptación Curricular Significativa.

c.- Optatividade

A opcionalidade debe atender á diversidade no referido, fundamentalmente, ás motivacións, intereses e necesidades do alumnado.

A finalidade da optatividade é:

- Favorecer aprendizaxes globalizadas e funcionais, contribuíndo á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais, a través de saberes máis funcionais, máis próximos á realidade do alumnado.
- Facilitar a transición á vida adulta a través da introdución de contidos, actividades ou experiencias pre-profesionais.
- Ofrecer ao alumnado diferentes itinerarios formativos que respondan as súas capacidades, necesidades, posibilidades e intereses.
- Vincular a elección das materias optativas con estudos posteriores de bacharelato ou ciclos formativos.

Seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinalamos dous tipos de medidas:

Medidas ordinarias.

Son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensinanza aprendizaxe ás características particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización da metodoloxía e organización, potenciando ademais a cooperación da familia na educación dos seus fillos/as. En síntese, trátase de que, a cada alumno se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxecto de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado

Cada profesor, dentro da súa aula adaptará os contidos da súa área á realidade que rodea aos alumnos, tendo en conta as características sociais, culturais, económicas etc., do lugar onde está situado o centro, coa finalidade de que a aprendizaxe sexa máis sinxela, que demande maior atención por parte do alumnado.

- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos instrumentos de avaliación e dos tempos.

- Actuacións destinadas á mellora da convivencia.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Aqueles profesores/as que teñen dispoñibilidade horaria dan reforzos individuais ou por grupo a aqueles alumnos/as que, anteriormente se decidiu que eran susceptibles de apoio

educativo, no caso de que as súas deficiencias non fosen consideradas obxecto dunha avaliación psicopedagóxica senón que fóran causadas por dificultades nos contidos básicos da área/materia que puidese solucionarse cun apoio puntual.

É individual ou en pequeno grupo, para o reforzo de aprendizaxes básicas, fundamentalmente realizado dentro da aula ordinaria.

O proceso é:

- Determinación daqueles alumnos que necesitan un apoio educativo por parte do titor.
- Reunión co DO para facer un listaxe dos alumnos con estas necesidades
- Determinar en que áreas ou materias foran necesarios esos reforzos.
- Determinar se eses apoios serían individuais o en grupo.
- Tendo en conta as horas libres dos profesores, establecer os reforzos.
- Reunión do titor, o profesor que vaia a dar apoio no curso, PT, AL, orientadora e a xefa de estudos para planificar as actuacións destes apoios. Información á familia.

- Programas de enriquecemento curricular.

- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

- Programas de recuperación de materias non superadas

Serán as medidas dirixidas á superación de materias pendentes baseadas nos obxectivos mínimos do curso correspondente.

Adoptaranse as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

- Programas específicos personalizados para o alumnado que non promociona de ciclo/curso.

Serán as medidas dirixidas á superación das dificultades detectadas no curso anterior e das aprendizaxes non adquiridas.

-Programa de habilidades sociais.

Elaboración dun Programa de Habilidades Sociais dedicado a fomentar unha serie de habilidades sociais consideradas como básicas de aprendizaxe.

O programa será un recurso e instrumento complementario de intervención que posibilita unha mellora das condicións de convivencia entre o alumnado e unha oportunidade na oferta de alternativas que ao alumnado con condutas disruptivas se lles ven ofrecendo desde o Centro.

Será utilizado como estratexia de intervención, de ensino de comportamentos interpersonais adaptativos e de modificación dos comportamentos inadecuados.

A aplicación supón a participación conxunta da escola e a familia posto que estos son os ambientes máis importantes donde interactúa e se desenvolve o neno a estas idades.

- Exención de Francés.

Dacordo coa normativa aplicable na ESO, podemos engadir a exención da segunda lingua estranxeira a estas medidas ordinarias de atención á diversidade. En relación a dita medida debemos ter en conta:

- En 1º e 2º ESO contéplase a exención na segunda lingua estranxeira (francés) orde do 6 de setembro de 2007, art.5,f

- Procurarase que esta medida sexa tomada dende 1ºESO e teña continuidade en 2º ESO.

- Para desenvolver dita medida o titor/a informará ás familias das dificultades de aprendizaxe observadas e lles entregará un documento de información sobre a exención de francés. Unha vez que a familia entregue o documento ao centro expresando a súa conformidade coa medida, iniciárase esta. O departamento de orientación realizará un informe e arquivárase xunto co expediente. Esta medida reflexarase no expediente académico e na información ás familias como E (exento).

Medidas extraordinarias

Para a súa aplicación necesitarán a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Están dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario, unha vez esgotadas as de carácter ordinario.

- **Adaptacións curriculares significativas.** Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Empregarase unicamente cando estean esgotadas todas as medidas posibles de atención ordinarias.

As Adaptacións curriculares significativas requirirán unha avaliación psicopedagóxica previa, realizada polo Orientador, coa colaboración do profesorado que atende o alumnado, e da cal se emitirá un informe de avaliación psicopedagóxica.

Na súa elaboración están implicados o profesorado tutor e o profesorado da área coa colaboración e asesoramento, do equipo educativo responsable do alumno, do Departamento de Orientación, profesorado de PT e AL e do Equipo de Orientación Específico se é o caso, así como calquera outro profesional que participe na atención ao alumno.

A primeira fase comeza cunha reunión na que tomarán parte:

-Xefa de estudos.

-Profesorado tutor.

-Profesorado das áreas-materias que se consideran obxecto de ACS.

-Profesorado de apoio.

-Profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica.

O obxectivo desta reunión é estimar a pertinencia da ACS e clarificar os elementos do currículo que deberán ser modificados.

Para realizar o seguimento e revisión da adaptación todos os profesionais implicados na atención educativa do alumno/a valorarán a adecuación e o grao de cumprimento da adaptación curricular. Realizaranse preferiblemente unha vez ao trimestre e ao rematar cada curso, salvo outras indicacións.

Destinatarios.

Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecerlles un currículo equilibrado e relevante ós alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contéplase tanto a aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como os que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento, coma tamén o alumnado con superdotación.

Finalidade.

Tenderán a que os alumnos/as adquieran as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último será proporcionarlle a cada alumno/a a resposta que necesita en función das súas necesidades e límites e tamén das súas potencialidades, procurando que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para todos os alumnos/as.

- Apoio do profesorado de PT e AL

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a orientadora elevará a proposta de organización dos apoios específicos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, despois de escoitar as necesidades demandadas polo profesorado.

Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase preferentemente ao alumnado obxecto dunha ACS.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un apoio en cantidade.
- Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumnado fóra do grupo ordinario.
- A atención diferenciada aos alumnos/ as con NEAE fóra da aula ordinaria será temporalizada compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula ordinaria por parte dos profesores/ as do grupo ordinario.
- Priorizarase o apoio do especialista de AL ao alumnado do 1º ciclo de Educación Primaria e Educación Infantil, por ser etapas nas que as necesidades deben ser atendidas dende o momento da súa detección para así reducir as dificultades no proceso educativo.
- Flexibilización da duración do período de escolarización para alumnado con NEAE
- Atención educativa a aqueles alumnos que por razóns diversas, presentan dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
- Derivación a: Programas de mellora do aprendizaxe , FPB.

16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN S MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

1º TRIMESTRE			
Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
1ª e 2ª semana de setembro	Asistencia ás sesións de avaliación de setembro	XD orientación e profesorado especialista: PT/AL	Recursos do departamento
2ª semana de setembro	Contacto cos alumnos con NEAE: xornadas de acollida para os novos e para as súas familias	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
setembro	Valoración das necesidades iniciais	Xefatura de estudos	Informes obtidos nas reunións
setembro	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
setembro	Preparacións das avaliacións iniciais da ESO	Xefatura de estudos (planifica e coordina)	Recursos do departamento, material do profesorado
setembro	Asesoramento ás familias no proceso de solicitude de axudas para ANEAE	XD Orientación	Lexislación e documentación da inspección.
setembro	Elaboración de informes	XD Orientación	Valoración psicopedagóxica.

	do alumnado que solicita a axuda para ANEAE		Profesorado de apoio. Especialistas PT e AL.
setembro	Solicitud de intervención do EOE	XD Orientación	Avaliacións iniciais e información recabada ao inicio de curso.
Setembro - 1ª semana outubro	Avaliacións iniciais na ESO e EP	Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións) XD orientación (asesora e apoia)	Recursos dos departamentos
2ª-3ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos do alumnado
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
4ª semana de outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do departamento
20-22 outubro	Asistencia ao Salón da oferta de educación e formación de Galicia EDUGAL	XD Orientación	Recursos do departamento Titores ANPA
Mes de novembro	Elaboración das ACS	XD Orientación e profesores afectados	Recursos do departamento
Novembro	Organización da celebración do día Internacional contra a violencia de xénero.	XD Orientación	CIM, profesorado e alumnado
Decembro	-Participación nas sesións da 1ª avaliación -Celebración do día Da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	-Informes obtidos na avaliación inicial, avaliacións psicopedagóxicas, informe trimestral. -Material elaborado polo departamento
2º TRIMESTRE			
DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª avaliación

Xaneiro	Avaliación psicopedagóxica do alumnado que a precise	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos da 1ª avaliación
Febreiro	Charla informativa ás familias sobre o sistema educativo, itinerarios formativos	XD Orientación	Material elaborado pola orientadora, salón de actos, pizarra dixital, páxinas web.
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Marzo	Orientación ao alumnado que realizará a proba de acceso a CFGM de FP	XD Orientación	Lexislación Web da Xunta
8 de marzo	Celebración do día Internacional da muller traballadora	XD Orientación	CIM
3º TRIMESTRE			
Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Abril	Asesoría vocacional do alumnado de 4º ESO	XD Orientación e titores	Recursos do departamento
Maio	-Celebración do día Internacional contra o Acoso Escolar. -Participación nas sesións da avaliación final de etapa 6ºEP e avaliación individualizada 3º EP	XD Orientación	-Material elaborado polo departamento -Informes obtidos nas avaliacións previas
4ª semana de maio	Entrega aos titores de materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador	XD Orientación	Recursos do departamento
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
1ª semana de xullo	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso

	para o vindeiro curso		
TODO O CURSO			
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Avaliacións psicopedagóxicas e elaboración de informes	XD Orientación	Recursos do departamento
Unha vez á semana	Reunión de seguimento do ANEAE	Orientadora, PTs e AL	Información dos titores e profesorado de apoio.
Ao final de cada trimestre	Elaboración do seguimento das ACs	Profesorado que elaborou as adaptacións e orientadora	Recursos do departamento.
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Atención ás familias no horario establecido ou con cita previa.	XD Orientación	Información das necesidades detectadas polo profesorado. Seguimento das especialistas de orientación.
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento

16.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

Educación infantil:

Virginia Abalo Bóveda (PT 6h)

Educación primaria:

Vanesa Meijueiro Fernández (PT-15h)

Natalia Castro Martínez (Prof.apoio-1h)

Marta Rosales Santiago (Prof.apoio-2h)

Pilar García Vidal (Prof.apoio-1h)

Virginia Abalo Bóveda (PT 17h)

M^a de la Concepción Pérez Hermo (Prof.Apoio-5h)

M^a del Carmen López Otero (Prof.Apoio-8h)

M^a Begoña Coma Sanmartín (Prof. Apoio-14h)

Educación secundaria obrigatoria:

Ana Isabel González Entenza (Prof.apoio-6h)
José Manuel Rivadulla(Prof.apoio-5h)
José Blanco Barros (Prof.apoio-10h)
Begoña Diz Magariños (Prof.apoio-2h)
M^a del Carmen Fernández Villar (Prof.apoio-3h)
M^a Reyes Rosales Aldao (Prof.apoio-2h)

16.6. HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

As especialistas de orientación (PT, AL e orientadora) reúnense todos os venres ás 12:20h para facer un seguimento semanal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e determinar que recurso levar a cabo para afrontar as distintas situacións e asesorar e orientar ao profesorado.

Os martes pola tarde tamén o profesorado das distintas etapas nos comunica aquilo que máis lle preocupa do seu alumnado e o que precisan para atender ao alumnado ANEAE e as demandas das familias.

Tamén nas reunións establecidas por trimestre do departamento de orientación, unha fixa e despois as que van xurdindo por necesidade.

17.CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

Actividade: Acolida do alumnado de nova incorporación						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☒		3º T ☒	
Responsables	Titor /a da aula.					
Participantes	Toda a clase pero, en especial, o alumno-titor nomeado para cada nova incorporación.					

Actividade: Actividades de competencia social						
Tipo	☐ Curso	☒ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☒		3º T ☒	
Responsables	Titor/a apoiado polos demais profesores					
Participantes	A comunidade educativa					

Actividade: Acolida de profesores novos						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☒		3º T ☒	
Responsables	E. Directivo					
Participantes	Todo o claustro, en especial, o que vai exercer de profesor-titor.					

Actividade: Reunión coas familias ao inicio de cada curso para informarles do Plan de Convivencia						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☒ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☐		3º T ☐	
Responsables	ED					
Participantes	A Dirección do centro e os titores.					

Actividade: Entrevistas coas familias por parte dos titores, a Dirección e/ou a Orientadora ante situacións de inadaptación escolar e problemas de convivencia.						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☒		3º T ☒	
Responsables	ED, Orientadora e os titores con alumnos implicados nalgún destes supostos.					
Participantes	Algún dos anteriores e as familias convocadas ao efecto, cando se detecte o problema.					

Actividade: Crear a figura de <i>delegado de convivencia</i> en cada aula						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☐ Ponencia	☐ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☒		2º T ☐		3º T ☐	
Responsables	Orientadora do cento.					
Participantes	Titores.					

Actividade: Charla sobre “Condutas de risco” encadradas dentro do Plan Director						
Tipo	☐ Curso	☐ Grupo Traballo	☐ Seminario	☐ Xornada	☒ Ponencia	☒ Taller
Horas	Temporalización					
	1º T ☐		2º T ☒		3º T ☐	
Responsables	ED, ANPA e Organizadores do Plan Director					
Participantes	Profesores e alumnos desde 5º EP a 4º ESO					

18. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

18.1. COMISIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

Tal e como ordenan as resolucións sobre as avaliacións individualizadas cada ano, a comisión estará formada por:

Directora: Lucía Guede Freire

Xefa de estudos: M^a Almudena Gutiérrez González

Xefa do departamento de orientación: M^a Teresa Couso Iglesias

Profesor titor de 3º de Primaria: Javier Sotelo

Profesora titora de 6º de Primaria: M^a Carmen López Otero

Profesora titora de 4º de ESO: Elena F. Sobral Viqueira

18.2. ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DE RESULTADOS DA AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS

Dada a actual situación de pandemia causada polo coronavirus, non houbo avaliacións individualizadas no curso anterior

19. PLURILINGÜISMO

19.1. COORDINADORES

Educación Primaria: María Freire Moreira (Plurilingüismo, Primaria)

Educación secundaria: María de los Reyes Rosales Aldao (Seccións bilingües, Secundaria)

19.2. OFERTA

Materia	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Oferta
Ed. Física	1º Prim.	50	Natalia Castro	Plurilingüismo
Ed. Artística	1º Prim.	50	Amparo Otero (Plástica e Música)	Plurilingüismo
Ed. Física	2º Prim.	36	Natalia Castro	Plurilingüismo
Ed. Artística	2º Prim.	36	Amparo Otero (Plástica e Música)	Plurilingüismo
Ed. Física	3º Prim.	44	Aarón Glez.	Plurilingüismo
Ed. Artística	3º Prim.	44	Javier Sotelo (Plástica e Música)	Plurilingüismo
Ed. Física	4º Prim.	46	Aarón Glez.	Plurilingüismo
Ed. Artística	4º Prim.	46	Ángeles Crespo (Plástica) e María Freire (Música)	Plurilingüismo
Ed. Artística	5º Prim.	50	Ángeles Crespo (Plástica) e María Freire (Música)	Plurilingüismo
Ed. Artística	6º Prim.	44	Ángeles Crespo (Plástica) e María Freire (Música)	Plurilingüismo
Tecnoloxías	3º ESO	41	Narciso Valle	Seccións bilingües
Tecnoloxías da información	4º ESO	29	Narciso Valle	Seccións bilingües

19.3. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN BILINGÜES

O profesorado que imparte as materias non lingüísticas en Inglés participa nunha sesión semanal de seguimento e coordinación convocada pola coordinadora do programa plurilingüe: María Avelina Freire Moreira.

Ademais da reunión, elaborarán a programación dos contidos e actividades de apoio ás ensinanzas non lingüísticas e unha memoria ao final de curso.

Dende o departamento de Linguas estranxeiras farase un seguimento e avaliación do programa bilingüe e plurilingüe de forma trimestral.

Trataranse os seguintes aspectos:

- Realización das actividades programadas
- Intercambio de experiencias entre o profesorado.
- Modelos empregados para a produción de linguas estranxeiras.
- Participación do alumnado na expresión oral.
- Evolución na aprendizaxe
- Materiais didácticos.
- Necesidades de formación do profesorado.

Cada vez que Inspección educativa o solicita envíaselle o seguimento requerido.

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Solicitamos cada ano a auxiliar de conversa que colabora en todos os cursos segundo o horario establecido pola xefatura de estudos.

A coordinadora do programa plurilingüe encargarse de dirixir a auxiliar de conversa de que dispoña o centro como apoio ao programa, así coma do seu seguimento e avaliación nunha reunión semanal coa mesma. Trataranse os seguintes aspectos:

- Realización das actividades programadas
- Preparación das clases e materiais didácticos que se precisen.
- Participación do alumnado na expresión oral.
- Evolución na aprendizaxe.
- Participación da auxiliar en actividades complementarias

20. PLAN PROXECTA

Estamos pendentes da resolución dos programas ofertados para este curso escolar dentro do Plan Proxecta; A idea inicial do ED é que neste curso, cada ciclo participe nun dos programas ofertados. En canto teñamos a resolución, será transmitida ao Servizo de Inspección Educativa.

21. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Proxectos solicitados ou en vías de solicitar	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinador
RUTAS CIENTÍFICAS, ARTÍSTICAS E LITERARIAS.	1º ESO	20-24	Titores de 1º ESO	Ana I. González Entenza
PLAN DIRECTOR	5º EP-4º ESO	Todos	Todos	ED-ANPA

22. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Así como non existe un Proxecto específico de autoavaliación e mellora da educación, si traballamos por facer a nosa tarefa cada vez máis efectiva como resposta a unha sociedade cambiante, heteroxénea e en avaliación permanente.

- Dende a Titularidade promóvese a mellora continua elaborando plans e proxectos dinámicos de innovación educativa como mellora da calidade: TICS, Plurilingüismo e o Programa de traballo Cooperativo CA/AC. Dado o noso carácter propio tamén se articulan plans de formación eficaces para os distintos membros da comunidade educativa (profesorado, PAS, pais/nais) que axuden a conseguir o perfil de educador vicenciano propio de cada membro.
- A nivel claustro realízase unha revisión interna ao finalizar o curso mediante un test de autoavaliación que permite coñecer logros e dificultades, ademais de asumir medidas eficaces para o cumprimento dos nosos fins. Este test recolle os seguintes apartados: organización, metodoloxía, a avaliación, o plan de atención á diversidade, documentos do centro, funcionamento dos órganos de goberno, funcionamento dos departamentos e equipos de ciclos, análise das titorías, plan de formación para o profesorado, convivencia escolar, actividades organizadas pola ANPA e actividades extraescolares e complementarias. Unha vez feita a recollida de datos, o Equipo Directivo realiza un informe detallado, sobre todo das propostas de mellora para ter en conta á hora de programar o curso seguinte. No primeiro claustro do curso infórmase a todo o profesorado das conclusións obtidas na memoria avaliativa.
- As avaliacións individualizadas en 3º de Ed. Primaria e final de etapa tamén proporcionan información sobre os logros da práctica docente ao comprobar o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. É un modo de obter información para adoptar medidas necesarias que axuden a mellorar o noso proceso educativo.

Esperamos poder amosar todos estes resultados na Memoria de final de curso